

MANIFESTO 'POR UNHA EDUCACIÓN RURAL PARA A REPOBOACIÓN'

Máis de 150 persoas de todo o país con participación de experiencias de Honduras, Arxentina, Chile, Brasil, Filipinas, Camerún, Colombia e Guatemala, celebraron en Cortes de la Frontera (Málaga) o I Congreso Internacional de Educación Rural co lema 'Por unha educación rural para a repoboación'⁴⁹ co obxectivo de reflexionar dende unha perspectiva crítica sobre a situación de supervivencia na que se atopa o medio rural, afondando nas causas socioeducativas, culturais e político-económicas.

Faise evidente que estamos ante unha situación de alarma sobre a supervivencia da especie humana no planeta. Segundo todos os estudos científicos e os acordos internacionais recentes no ámbito do cambio climático, senón hai unha corrección do rumbo produtivo nas relacións ser humano-natureza, a ameaza do colapso ecolóxico e do ecocidio aumentará considerablemente ata o punto de facerse irreversible⁵⁰. Isto significa unha aposta clara por implicarse na loita contra o cambio climático, a transición ecolóxica e por superar as disfuncións provocadas pola industrialización e a concentración urbana. De acordo con este postulado as entidades e persoas participantes neste Congreso queremos manifestar o seguinte:

1. Vemos con acerto que se iniciarán as primeiras políticas de Transición Ecolóxica e Reto Demográfico, con numerosos programas das distintas administracións públicas estatais, europeas, rexionais e municipais, pero que consideramos que non son suficientes. A mesma UNESCO ven traballando cara a 'Educación do cambio para a transformación social e o desenvolvemento sostible', con especial atención ó cambio climático, propoñendo novos enfoques curriculares de ensinanza/aprendizaxe desde o concepto 'Green Schools' (Escolas Verdes), como centros de innovación para o territorio.

2. Cultivando paz entre os pobos. Como axentes da educación non podemos sentirnos ó marxe dos distintos conflitos bélicos que se están producindo en forma de loita polo control político, económico e cultural das fronteiras, tendo á poboación civil como protagonista desgraciada en forma de atropelos, desprazamentos en masa, xenocidios, etc. Dende o noso ámbito traballarase unha educación de valores crítica que teña á cultura da paz no centro dos seus obxectivos.

3. O cambio necesario e urxente nas políticas públicas introducindo estratexias de desenvolvemento rural que se dirixan a rexenerar unha nova economía para os pobos, especialmente, aquelas que afectan ó ámbito educativo, formativo e do fomento da iniciativa social que poden revertir a sangría poboacional, cultural e económica. Cambios que non veñan, como hasta agora, dispostos por unha tecnocracia allea á realidade rural e contén coa percepción e a participación das poboacións e os seus saberes locais.

⁴⁹ Organizado polo Grupo de Investigación PROCIE-Universidade de Málaga, a Confederación de Centros de Desenvolvemento Rural (COCEDER), os Colectivos de Acción Solidaria (CAS), o Instituto Paulo Freire España, a Universidade Rural P. Freire Serranía de Ronda-CDR. Montaña e Desarrollo; e a colaboración do Concello de Cortes de la Frontera, a Deputación Provincial de Málaga e a Revista Soberanía Alimentaria, Biodiversidade e Culturas.

⁵⁰ Nesta liña está a Axenda para o Desenvolvemento Sostible da ONU (2015-2030), artículáronse os 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) e o Pacto Verde Europeo (2020)

As políticas e a administración pública deberían estar ó servizo das comunidades rurais e non ó contrario, como sucede. Deberían orientarse á mellora das condicións de acceso á vida socioproductiva para a fixación da poboación local, e a chegada de novos poboadores/as: incentivos á fiscalidade, acceso á vivenda, servizos públicos, enerxías alternativas, transformación agroalimentaria, ordenación do territorio e novos enfoques para a 'conservación cultural da natureza'.

En definitiva, unha xestión agroforestal e gandeira dende o enfoque da agroecoloxía, a pequena produción e a prestación de servizos ecosistémicos.

4. Unha nova relación coa natureza e a unión social para desaceleración do cambio climático. O medio rural é espazo nutrinte das bases da vida en xeral e da urbe en particular: aire, auga, alimentos, enerxías, materiais, man de obra...; sen poboacións activas en pobos ou aldeas a súa xestión socioeconómica e cultural quedaría orfa -como está sucedendo- pondo en perigo o futuro das xeracións vindeiras. A nova educación considerará este feito como fonte de coñecemento por todo o que nos aporta, polo inmenso e diverso recurso pedagóxico de sabedorías idiosincráticas de cada territorio. Unha educación que nos axude a ser conscientes da nosa ecoddependencia coa natureza, e desa necesidade imperante dun compromiso de coidado e amor á terra que nos acolle e alimenta.

A ciencia agroecolóxica demostrou nas últimas décadas que o modelo de xestión do territorio da cultura labrega-rural de orde familiar, apegada a unha relación de proximidade nas súas interaccións e tecnoloxías de baixo impacto ambiental, desacelera o cambio climático fronte ó modelo agroindustrial e tóxico imperante. Deberíase transitar dende unha arcaica visión estritamente antropocéntrica, a unha nova que nos leve a sentirmos integrados na natureza, en tanto que somos organismos vivos, tanto como os que nos rodean. Unha nova cultura que non insista na manipulación indiscriminada do medio, senón no intercambio consciente, sensible e protector.

5. Recuperación da vida comunitaria rural: coidado, protección e afectos mutuos. A educación debe contribuír a construír unha sociedade que poña a vida no centro, a de todas as persoas, tamén de todos os seres e espazos vivos que nos determinan. Por elo, entendemos que a comunidade é o marco idóneo de desenvolvemento das capacidades sociais, da aceptación dun mesmo e dos demais. Isto contribúe a fomentar a axuda mutua e a capacidade de dar, pondo en valor a importancia dos vínculos e os afectos. A comunidade rural debe rexenerarse dende a súa substancial orixe, como semente de relacións, como espazo imprescindible de aprendizaxe, onde compartir, coñecer, valorar os saberes de todos e todas e onde construír en común propostas de futuro.

Faise necesario unha economía para os pequenos pobos que, nun primeiro lugar, recupere, rehabilite, actualice e modernice de forma integral e integrada o seu Sistema Agroecolóxico Local (SIAL)⁵¹ e a súa economía histórica, orixinal e xenuína vinculada os aproveitamentos sostibles dos seus recursos naturais; en segundo lugar, incorpore de forma complementaria novas opcións e actividades económicas de outros sectores que diversifican a súa base socioeconómica, e contribúen a incrementar á demografía e a facer máis complexa, cohesionada, variada e rica a estrutura social da comunidade. Sobre estas dúas bases económicas, a agroecolóxica histórica e diversificada é complementaria do novo cuño, deberíase construír a nova orde económico e a nova comunidade de benestar na aldea ou pobo, rexenerando as relacións campo-cidade dende este contexto.

6. Unha nova visión do currículo educativo: programas educativos que teñan en conta ó coñecemento do territorio. Débese abrir unha nova 'óptica rural' no desenvolvemento de contidos e metodoloxías dentro do sistema educativo, así como, nas estratexias de educación non formal. Somos comunidades educadoras, estamos onde se xera e se rexenera a vida; temos moito que aportar para construír outras relacións coas persoas como iguais, e así recuperar o valor do común e o contacto coa natureza. Algo tan necesario e sanador, as relacións pausadas, a escoita activa das persoas maiores e as insubstituíbles relacións interxeracionais que nos ensinen aprendizaxes adaptados ós territorios. Un curricular base construído a partir dos valores democráticos, que inclúa a realidade das diferentes xeografías e especificidades do rural; e aberto, que permita, tendo en conta o anterior, a definición concreta das liñas de traballo e da metodoloxía a cada comunidade educativa.

O óptimo sería a reprogramación dun currículo para o total do sistema educativo, e en particular para o de ámbito rural, no que se incorpore á 'óptica rural' como un elemento transversal de contidos. Hasta agora a visión que aparece no mesmo deséñase dende presupostos urbanocéntricos, onde este contexto social ocupa un lugar marxinal. Ademais de introducir procesos de aprendizaxe vinculados a servizos e a comunidade rural tanto orientados ó alumnado, como ós equipos docentes e as ANPAS, co obxectivo de enfocar propostas de cambio social da realidade. Estas dinámicas permiten traballar a identidade local coa problematización das necesidades reais. Decía Paulo Freire que 'a educación era un acto de amor e, polo tanto, un acto de valor'.

7. A organización educativa e a formación do profesorado dende una ética rural e ambiental.

Péchanse as escolas porque non hai nenos/as, ¿non sería mellor abrir as escolas para que haxa? Esta premisa é esencial. Tendo en conta que o criterio de rendabilidade monetaria dos servizos educativos de este ámbito non debe de ser nunca un obstáculo, como ocorre no mundo urbano. Esta nova visión política e económica implica que as estratexias educativas non dependan dun cálculo contable da ratio poboación/voto nas urnas. Elo implica unha rexeneración e reorientación da financiación de políticas, tendo a base na investigación educativa de índole cualitativa e participativa, sobre as praxis que xa están nos territorios, abrindo novos campos de experimentación.

O profesorado adscrito a este contexto está de paso na súa maioría, descoñece a realidade territorial e, por este feito, é complexo poder implementar proxectos educativos coa identidade propia e adaptados.

A formación do profesorado debe incluír un perfil profesional específico que contemple

o coñecemento e a formación para abordar a realidade da escola rural (aulas multigrado, diversidade, metodoloxías e ferramentas educativas). Unha formación que transmita a importancia imprescindible de coñecer ó alumnado na súa individualidade e tamén como parte da familia, da comunidade e contexto labrego-rural do que procede e ó que pertence. Promovendo a necesaria intermediación

entre o saber científico-saber popular. O aprendizaxe debe levar pracer, entusiasmo, alegría e amor, educación en valores, 'saber, ser e estar; todos educamos e somos educados'.

⁵¹ No noso caso entendemos por Sistema Agroecolóxico Local (SIAL) o aproveitamento regular, ordenado, cíclico e interdependente do conxunto dos recursos naturais locais, tanto domésticos como silvestres, a través do mantemento dos procesos ecolóxicos e agroecolóxicos derivados dos usos e manexos agrarios, gandeiros, forestais e cinéticos do territorio.

8. Educación non formal, educomunicación e educación permanente. A educación non se circunscribe ó ámbito escolar ou académico, traspasa este sistema e enlazase e intégrase coa vida, no que coñecemos como educación ó longo da vida (educación permanente-expandida). Débese revisar, localizar e coñecer outras experiencias de educación rural, que se desenvolven neste contexto vía outras entidades profesionais e sociais no territorio, que están cheas de riqueza de aprendizaxes. Rexenerar ofertas formativas con perspectiva crítica para o dinamismo do mundo rural, explorando fora e en interacción cos marcos académicos e vinculándose coas políticas de desenvolvemento rural. Por outro lado, alfabetización dixital e audiovisual é unha necesidade imperante na chamada 'sociedade da información e o coñecemento'. A aparición de novas tecnoloxías, valores e o xurdimento de procesos de cambio cultural fai que, en termos xerais, poidamos considerar que nos atopamos na transición do ordenamento propiciado pola industrialización cara novos modelos de xeración de economía e modos de vida.

As ferramentas telemáticas abren unhas novas posibilidades para a desconcentración de persoas traballadoras das grandes empresas e as administracións públicas condensadas nas cidades; ademais das tecnoloxías dispoñibles para producir localmente enerxía renovable, as novas empresas vinculadas ó aproveitamento de recursos, ó reciclaxe, á innovación e á responsabilidade social e ambiental corporativa, á alimentación de proximidade... constitúen un conxunto de oportunidades e valores que se poñen a disposición dos pequenos pobos para que poidan reorganizar o seu propio modelo de desenvolvemento local. Multiplícase así a creatividade social e a cultura da iniciativa social e emprendedora. Vivir é un facer e emprender permanente dende os mecanismos da adaptación ó medio e á reinvencción.

9. A dimensión socio-cultural

A educación debe soste os procesos socioeconómicos dende a visión dun desenvolvemento endógeno e comunitario, como identidade dun pobo capaz de pensar, decidir e actuar. Unha cultura creada dende o diario, de recoñecemento do propio, dos nosos saberes que nos legaron os nosos ancestros; así como o recoñecemento doutras culturas, sabedorías e creacións do resto de pobos do mundo. Atendendo de maneira específica ó rescate da racionalidade ecolóxica do coñecemento labrego (memoria biocultural), que a ciencia agroecolóxica demostrou que é válido para a xestión eficiente e sostible na loita contra o cambio climático (agricultura familiar). Tendo como horizonte á praxis da Soberanía Alimentaria dos pobos, onde prima o valor do arte alimentario como dereito humano-saúde con prácticas agronómicas que desaceleran o cambio climático; e non como un negocio agroindustrial de escala global, onde prima o control da alimentación e unha alta toxicidade nas súas emisións de carbono á atmosfera. Así como o exercicio da igualdade e a xustiza en todos os seus contextos (paz, etnias, xénero, dereitos laborais, inmigración...).

Ós pobos e aldeas non lles queda moito tempo de vida, a sangría do despoboamento é un síntoma de enfermidade orgánica. Si non hai un emerxente proceso de transición dende unha cultura

hexemónica urbanocéntrica a un modelo cultural e político consciente do factor esencial da vida e o medio rural para o sostemento da poboación humana: o arte alimentario (agri-Cultura), os valores comunitarios da sociedade labrego-rural nutricia e a redacción de unhas novas relacións campo-cidade dende o valor da terra e a ética ecolóxica. Está en xogo non so a supervivencia do contexto rural senón o da sociedade en xeral.

10. Da illa ó arquipélago: a forza humana da rede social. Estes días escoitamos voces que manifestaban a degradación demográfica e sociocultural e a necesidade da rede dende as diferentes particularidades. En diferentes lugares do mundo temos retos e necesidades similares. Se algo nos quedou claro son as enormes potencialidades pedagóxicas dos entornos rurais, e faise necesario crer nelas: as persoas que vivimos nas aldeas, os equipos docentes e as administracións públicas, as cales deben facer un esforzo por adiantarse ós tempos. Debemos ser conscientes da forza e o coñecemento para loitar por un novo modelo educativo máis aberto e entroncado na comunidade, máis libre, como dicía María Montessori: 'debemos axitar a vida e deixala libre para que se desenvolva'.

So dende a creación de vínculos humanos entre as propias comunidades rurais e entre os territorios dende unha visión internacional (local-global), poderemos seguir empuxando unha toma de conciencia persoal e colectiva para encarar outro modelo de desenvolvemento menos agresivo e máis acorde coas necesidades ecolóxicas, de xustiza e equidade social.

Cortes de la Frontera, 6 de abril de 2024